



No IES Agra do Orzán estamos ante o caso do artigo 12 da **Orde de 12 de marzo de 2013 (DOG nº 53 do 15 de marzo)**. A demanda de postos escolares de centros adscritos é superior á oferta. Polo que de acordo principalmente cos artigos 12, 13, 14, 17.1 e 19 da citada Orde, todo o alumnado dos centros adscritos **deberá presentar a solicitude de admisión** (Anexo II - ED550B) no centro de adscrición na forma e dentro do prazo establecidos nesta orde (**1 ao 20 de marzo**), e posteriormente presentarán a documentación xustificativa dos criterios de baremo no prazo sinalado no artigo 17.1.

Os criterios de prioridade estableceranse de acordo co **baremo** recollido no artigo 19.1

- a) Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro.
- b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado.
- h) Ademais, para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumnado.
- i) Criterios establecidos por cada centro educativo, consistentes noutras circunstancias relevantes e xustificadas, de acordo con criterios obxectivos, que deberán ser publicados coa necesaria antelación ao inicio do proceso de admisión.

En caso de empate aplicaranse os criterios recollidos no artigo 29 da orde.

Calendario do proceso de reserva e admisión:

- Reserva no centro de orixe 1-15 de febreiro
- Prazo renuncia á praza de reserva antes do 1 marzo
- Sorteio letras desempate 27 de febreiro
- Listaxe admitidos e non admitidos de reserva.. ata 28 de febreiro
- Solicitude de admisión no IES Agra do Orzán 1-20 de marzo
- **O Instituto estará pechado os días: 4, 5, 6, 18 e 19 de marzo**
- Prazo documentación baremo 22 mar. a 4 abril
- Listaxe provisional admitidos antes de 25 abril
- Prazo reclamación listaxe provisional ante o consello escolar 5 días hábiles
- Listaxe definitiva admitidos antes de 15 maio.
- Reclamación listaxe definitiva - RECURSO DE ALZADA ante Xefatura Territorial 1 mes desde listaxe definitiva.ñ

A Coruña, 26 de febreiro de 2019
O director

Diego Taboada Lesta

